			BB3.5.2. Resolve exercicios prácticos de replicación, transcrición e tradución, e de aplicación do código xenético.	Resolve exercicios prácticos sinxelos de replicación, transcrición e tradución, e de aplicación do código xenético.	2º	Proba específica: Proba aberta Análise das producións do alumnado: Resolución de problemas Observación sistemática	CMCCT
			BB3.5.3. Identifica e distingue os encimas principais relacionados cos procesos de transcrición e tradución.	Identifica os encimas principais relacionados cos procesos de transcrición e tradución	2º	Proba específica: Proba aberta	CAA CD
e ñ	B3.8. Mutacións: tipos. Axentes mutaxénicos.	B3.6. Definir o concepto de mutación e distinguir os principais tipos e axentes mutaxénicos.	BB3.6.1. Describe o concepto de mutación e establece a súa relación cos fallos na transmisión da información xenética.	Describe o concepto de mutación	2º	Proba específica: Proba aberta	CCL
			BB3.6.2. Clasifica as mutacións e identifica os axentes mutaxénicos máis frecuentes.	Clasifica as mutacións e identifica os axentes mutaxénicos máis frecuentes	2º	Proba específica: Proba aberta	CAA CSC
h l ñ	B3.9. Mutacións e cancro. B3.10. Implicacións das mutacións na evolución e na aparición de novas especies.	B3.7. Relacionar mutación e cancro. Destacar a importancia das mutacións na evolución das especies.	BB3.7.1. Asocia a relación entre a mutación e o cancro, e determina os riscos que implican algúns axentes mutaxénicos.	Coñece a relación entre mutación e cancro Coñece os riscos que implican algúns axentes mutaxénicos	2º	Proba específica: Proba aberta	CAA CSC CCEC
			BB3.7.2. Destaca a importancia das mutacións na evolución e na aparición de novas especies.	Describe o papel das mutacións na evolución e na aparición de novas especies.	2º	Proba específica: Proba aberta	CAA CSC CCEC
a g	B3.11. Enxeñaría xenética. Principais liñas actuais de investigación. Organismos modificados xeneticamente.	B3.8. Desenvolver os avances máis recentes no ámbito da enxeñaría xenética, así como as súas aplicacións.	BB3.8.1. Resume e realiza investigacións sobre as técnicas desenvolvidas nos procesos de manipulación xenética para a obtención de organismos transxénicos.	Realiza investigacións sobre as técnicas desenvolvidas nos procesos de manipulación xenética para a obtención de organismos transxénicos	2º	Análise das producións do alumnado: Rúbrica	CSIEE CSC CCEC
a c d	B3.12. Proxecto xenoma: repercusións sociais e valoracións éticas da	B3.9. Analizar os progresos no coñecemento do xenoma humano e a súa influencia nos	BB3.9.1. Recoñece e indica os descubrimentos máis recentes sobre o xenoma humano e as súas aplicacións en enxeñaría xenética, e	Realiza unha investigación sobre os descubrimentos máis recentes sobre o xenoma humano, as súas aplicacións en	2º	Análise das producións do alumnado: Rúbrica	CSC CCEC

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Trimestre	Procedemento e instrumento de avaliación	Competencias clave
	manipulación xenética e das novas terapias xénicas.	novos tratamentos.	valora as súas implicacións éticas e sociais.	enseñaría xenética e as súas implicacións éticas e sociais			
b e m	B3.13. Xenética mendeliana. Teoría cromosómica da herdanza. Determinismo do sexo e herdanza ligada ao sexo e influenciada polo sexo.	B3.10. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas, e establecer a relación entre as proporcións da descendencia e a información xenética.	BB3.10.1. Analiza e predi aplicando os principios da xenética mendeliana, os resultados de exercicios de transmisión de caracteres autosómicos, caracteres ligados ao sexo e influídos polo sexo.	Resolve aplicando os principios da xenética mendeliana exercicios de transmisión de caracteres autosómicos, ligados ao sexo e influídos polo sexo	2º	Análise das producións do alumnado: Resolución de problemas Observación sistemática	CAA CMCCT
b i	B3.14. Evidencias do proceso evolutivo.	B3.11. Diferenciar evidencias do proceso evolutivo.	BB3.11.1. Argumenta evidencias que demostran o feito evolutivo.	Coñece as evidencias do proceso evolutivo	2º	Proba específica: Proba aberta	CSIEE CCL
m	B3.15. Darwinismo e neodarwinismo: teoría sintética da evolución.	B3.12. Recoñecer e diferenciar os principios da teoría darwinista e neodarwinista.	BB3.12.1. Identifica os principios da teoría darwinista e neodarwinista, e compara as súas diferenzas.	Identifica os principios da teoría darwinista e neodarwinista	2º	Proba específica: Proba aberta	CAA
a	B3.16. Xenética de poboacións. Frecuencias xénicas e a súa relación coa evolución.	B3.13. Relacionar o xenotipo e as frecuencias xénicas coa xenética de poboacións e a súa influencia na evolución.	BB3.13.1. Distingue os factores que inflúen nas frecuencias xénicas.	Distingue os factores que inflúen nas frecuencias xénicas	2º	Proba específica: Proba aberta	CMCCT
			BB3.13.2. Comprende e aplica modelos de estudo das frecuencias xénicas na investigación privada e en modelos teóricos.	Coñece algunha aplicación do estudo das frecuencias xénicas	2º	Proba específica: Proba aberta	CAA CMCCT CSIEE
d e l	B3.17. A mutación e a recombinación xénica como procesos que xeran cambios e adaptacións. Principios da selección natural.	B3.14. Recoñecer e indicar a importancia da mutación e a recombinación como motores da evolución.	BB3.14.1. Ilustra a relación entre mutación e recombinación, o aumento da diversidade e a súa influencia na evolución dos seres vivos.	Explica a importancia da mutación e da recombinación na evolución dos seres vivos	2º	Proba específica: Proba aberta	CSC CCEC
l a	B3.18. Evolución e biodiversidade. B3.19. Proceso de especiación. Modelos de especiación.	B3.15. Analizar os factores que incrementan a biodiversidade e a súa influencia no proceso de especiación.	BB3.15.1. Distingue tipos de especiación e identifica os factores que posibilitan a segregación dunha especie orixinal en dúas especies diferentes.	Coñece os distintos mecanismos de especiación	2º	Proba específica: Proba aberta	CCEC CAA
Bloque 4. O mundo dos microorganismos e súas aplicacións. Biotecnoloxía							
l	B4.1. Microbioloxía. Concepto	B4.1. Diferenciar os tipos de	BB4.1.1. Clasifica os microorganismos no grupo	Clasifica os microorganismos no grupo		Proba específica:	CSIEE

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Trimestre	Procedemento e instrumento de avaliación	Competencias clave
m	de microorganismo. Microorganismos con organización celular e sen ela.	microorganismos en función da súa organización celular.	taxonómico ao que pertencen.	taxonómico ao que pertencen	3º	Proba aberta	
e	B4.2. Virus, outras formas acelulares e partículas infectivas subvirais. Bacterias. Fungos microscópicos. Protozoos. Algas microscópicas. B4.3. Observación microscópica de protozoos, algas e fungos.	B4.2. Describir as características estruturais e funcionais dos grupos de microorganismos.	BB4.2.1. Analiza a estrutura e a composición dos microorganismos e relaciónas coa súa función.	Coñece as principais características dos grupos de microorganismos	3º	Proba específica: Proba aberta	CSIEE
l m	B4.4. Métodos de estudo dos microorganismos. Esterilización e pasteurización. B4.5. Realización de experiencias de cultivo de microorganismos.	B4.3. Identificar os métodos de illamento, cultivo e esterilización dos microorganismos.	BB4.3.1. Describe técnicas instrumentais que permiten o illamento, o cultivo e o estudo dos microorganismos para a experimentación biolóxica.	Describe técnicas instrumentais que permiten o illamento, o cultivo e o estudo dos microorganismos para a experimentación biolóxica	3º	Proba específica: Proba aberta	CD CMCCT
a l	B4.6. Microorganismos nos ciclos xeoquímicos.	B4.4. Valorar a importancia dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.	BB4.4.1. Recoñece e explica o papel fundamental dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.	Explica o papel dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos	3º	Proba específica: Proba aberta	CCL CMCCT
b c d	B4.7. Microorganismos como axentes produtores de doenzas.	B4.5. Recoñecer e numerar as doenzas máis frecuentes transmitidas polos microorganismos, utilizando o vocabulario axeitado relacionado con elas.	BB4.5.1. Relaciona os microorganismos patóxenos máis frecuentes coas doenzas que orixinan.	Relaciona os microorganismos patóxenos máis frecuentes coas doenzas que orixinan	3º	Proba específica: Proba aberta	CSC CD
a c g ñ	B4.8. Biotecnoloxía. Utilización dos microorganismos nos procesos industriais: produtos elaborados por biotecnoloxía. B4.9. Realización de experiencias con microorganismos	B4.6. Avaliar as aplicacións da biotecnoloxía e a microbioloxía na industria alimentaria e farmacéutica, e na mellora do medio.	BB4.6.1. Analiza a intervención dos microorganismos en numerosos procesos naturais e industriais, e as súas numerosas aplicacións BB4.6.2. Recoñece e identifica os tipos de microorganismos implicados en procesos fermentativos de interese industrial.	Coñece algunhas das aplicacións naturais e industriais dos microorganismos Coñece algún tipo de microorganismos implicados en procesos fermentativos de interese industrial	3º 3º	Proba específica: Proba aberta Proba específica: Proba aberta	CAA CCEC CSC CMCCT CCEC CSC CMCCT

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Trimestre	Procedemento e instrumento de avaliación	Competencias clave
	fermentadores.		BB4.6.3. Valora as aplicacións da biotecnoloxía e a enxeñaría xenética na obtención de produtos farmacéuticos, en medicina e en biorremediación, para o mantemento e a mellora do medio.	Reliza unha investigación sobre a contribución da biotecnoloxía e a Enxeñaría Xenética na obtención de produtos farmacéuticos, en medicina e en biorremediación, para o mantemento e a mellora do medio	3º	Análise das producións do alumnado: Ruúbrica	CD CMCCT
Bloque 5. O sistema inmunitario. A inmunoloxía e as súas aplicacións							
d e b	B5.1. Concepto actual de inmunidade. Sistema inmunitario. Defensas internas inespecíficas.	B5.1. Desenvolver o concepto actual de inmunidade.	BB5.1.1. Analiza os mecanismos de autodefensa dos seres vivos e identifica os tipos de resposta inmunitaria.	Coñece os mecanismos de autodefensa dos seres vivos e identifica os tipos de resposta inmunitaria	3º	Proba específica: Proba aberta	CAA CSIEE
l i	B5.2. Inmunidade específica: características e tipos (celular e humoral). Células responsables. B5.3. Identificación de células inmunitarias mediante a súa observación.	B5.2. Distinguir inmunidade inespecífica e específica, así como as súas células respectivas.	BB5.2.1. Describe as características e os métodos de acción das células implicadas na resposta inmune.	Describe as características e os métodos de acción das células implicadas na resposta inmune	3º	Proba específica: Proba aberta	CCL
i l	B5.4. Mecanismo de acción da resposta inmunitaria. Memoria inmunolóxica.	B5.3. Discriminar resposta inmune primaria e secundaria.	BB5.3.1. Compara as características da resposta inmune primaria e secundaria.	Coñece as diferenzas entre resposta inmune primaria e secundaria	3º	Proba específica: Proba aberta	CAA
e g i	B5.5. Antíxenos e anticorpos. Estrutura dos anticorpos. Formas de acción. A súa función na resposta inmune.	B5.4. Definir os conceptos de antíxeno e anticorpo, e identificar a estrutura dos anticorpos.	BB5.4.1. Define os conceptos de antíxeno e de anticorpo, e recoñece a estrutura e a composición química dos anticorpos.	Define os conceptos de antíxeno e de anticorpo, e recoñece a estrutura e a composición química dos anticorpos	3º	Proba específica: Proba aberta	CCL CAA
i l	B5.6. Reacción antíxeno-anticorpo: tipos e características.	B5.5. Diferenciar os tipos de reacción antíxeno-anticorpo.	BB5.5.1. Clasifica os tipos de reacción antíxeno-anticorpo e resume as características de cada un.	Resume as características de cada un dos tipos de reacción antíxeno-anticorpo	3º	Proba específica: Proba aberta	CAA
i l	B5.7. Inmunidade natural e artificial ou adquirida. Soros e vacinas. A súa importancia na loita contra as doenzas infecciosas.	B5.6. Diferenciar inmunidade natural e artificial, e soro e vacina.	BB5.6.1. Destaca a importancia da memoria inmunolóxica no mecanismo de acción da resposta inmunitaria e asócia coa síntese de vacinas e soros.	Coñece as diferenzas entre inmunidade natural e artificial e entre vacina e soro	3º	Proba específica: Proba aberta	CAA
m	B5.8. Disfuncións e deficiencias do sistema	B5.7. Investigar a relación entre as disfuncións do sistema inmune e	BB5.7.1. Resume as principais alteracións e disfuncións do sistema inmunitario, e analiza	Resume as principais alteracións e disfuncións do sistema inmunitario, e analiza		Proba específica:	CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Trimestre	Procedemento e instrumento de avaliación	Competencias clave
h ñ	inmunitario. Alerxias e inmunodeficiencias. B5.9. Sistema inmunitario e cancro.	algunhas patoloxías frecuentes.	as diferenzas entre alerxias e inmunodeficiencias.	as diferenzas entre alerxias e inmunodeficiencias	3º	Proba aberta	CSIEE
h g a	B5.10. A SIDA e os seus efectos no sistema inmunitario.	B5.8. Analizar e describir o ciclo do virus do VIH.	BB5.8.1. Describe o ciclo de desenvolvemento do VIH.	Describe o ciclo de desenvolvemento do VIH	3º	Proba específica: Proba aberta	CAA CD CCL
e i	B5.11. Doenzas autoinmunes.	B5.9. Describir o proceso de autoinmunidade.	BB5.9.1. Clasifica e cita exemplos das doenzas autoinmunes máis frecuentes, así como os seus efectos sobre a saúde.	Cita exemplos das doenzas autoinmunes máis frecuentes, así como os seus efectos sobre a saúde.	3º	Proba específica: Proba aberta	CSIEE CSC CCEC
e a c	B5.12. Anticorpos monoclonais e enxeñaría xenética. B5.13. Transplante de órganos e problemas de rexeitamento. Reflexión ética sobre a doazón de órganos, medula e sangue.	B5.10. Argumentar e valorar os avances da inmunoloxía e a enxeñaría xenética nos tratamentos con anticorpos monoclonais e os transplantes de órganos, e a problemática do rexeitamento.	BB5.10.1. Recoñece e valora as aplicacións da inmunoloxía e da enxeñaría xenética para a produción de anticorpos monoclonais. BB5.10.2. Describe os problemas asociados ao transplante de órganos, e identifica as células que actúan. BB5.10.3. Clasifica e entende os tipos de transplantes, e relaciona os avances neste ámbito co impacto futuro na doazón de órganos, medula e sangue.	Cofece as aplicacións da inmunoloxía e da enxeñaría xenética para a produción de anticorpos monoclonais Describe os problemas asociados ao transplante de órganos Clasifica os tipos de transplantes	3º 3º 3º	Proba específica: Proba aberta Proba específica: Proba aberta Proba específica: Proba aberta	CSC CCEC CAA CSC CCEC CSC CCEC

e) METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica aplicada favorecerá a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación, e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

No proceso de ensino e aprendizaxe desta materia é moi importante a realización de actividades prácticas e a utilización de abundantes e variados documentos científicos, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar, seleccionar, tratar e transmitir información. Por outro lado, é imprescindible promover nos alumnos e nas alumnas actividades de razoamento e de reflexión sobre as múltiples implicacións sociais, económicas e políticas que teñen os avances científicos en bioloxía, a cal é unha disciplina cambiante e dinámica, sometida a unha continua revisión.

A Bioloxía de 2.º de Bacharelato contribúe a que o alumnado progrese en todas as competencias clave. Neste curso trátase de alcanzar os niveis de competencia que lle permitan afrontar estudos superiores ou exercer determinadas profesións con éxito.

En relación co exposto anteriormente, a proposta didáctica de Bioloxía elaborouse de acordo cos criterios metodolóxicos seguintes:

- Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- Facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- Procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Rigor científico e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao contorno, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes en dous

sentidos: o desenvolvemento de capacidades para posteriores adquisicións e a súa aplicación na vida cotiá.

Acadar estes obxectivos precisa utilizar estratexias e técnicas didácticas variadas:

- Estratexias expositivas: preséntanse ao alumnado mediante textos ou oralmente un coñecemento que debe asimilar, para ensinar feitos ou conceptos.
- Traballos de investigación: tratan de enfrontar ao alumnado con situacións problemáticas nas que se lle esixe a aplicación de capacidades intelectuais complexas, como integrar e contrastar fontes de diverso tipo; realizar xuízos de valor e interpretacións; establecer relacións causais complexas, ponderando causas e consecuencias; realizar valoracións ponderadas de problemas e solucións; construír e contrastar a validez das hipóteses; etc.
- Estudo de casos ou feitos e situacións concretas como instrumento para motivar e facer máis significativo o estudo dos fenómenos xerais e para abordar os procedementos de causalidade múltiple.
- Actividades de introdución-motivación, de ideas previas, de desenvolvemento, de avaliación, de ampliación e de recuperación.
- Actividades de laboratorio (técnicas experimentais usuais e deseño de experiencias).
- Actividades complementarias: Visita ao edificio CACTUS de Santiago de Compostela e Museo de Historia Natural
- Aplicación das novas tecnoloxías, como uso de páxinas web específicas, análise de programas de simulación, estudo de fotografías e imáxenes...

f) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para o desenvolvemento da programación desta materia contamos cos seguintes materiais e recursos:

- Instalacións do centro: aulas, laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía, aula de informática e biblioteca, todos eles coa súa dotación correspondente.
- Materiais impresos: libros de texto, lectura e de consulta, revistas de divulgación científica, guías de campo, claves dicotómicas, fotografías, esquemas, debuxos de organismos, etc.
- Materiais audiovisuais e dixitais: Ordenador, vídeos e DVDs, canón, Internet, encerado dixital.
- Material fotocopiado de diferentes textos e documentos.
- Material elaborado polo profesor: serán suministrados ao alumnado apuntamentos das distintas unidades didácticas de elaboración propia, con referencias a material gráfico, vídeos e animacións localizadas en internet.
- Do contorno: naturais, culturais, centros de investigación, museos científicos, etc.

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía manterá unha estreita colaboración con aquelas institucións e organismos que promovan actividades relacionadas coa nosa materia.

g) CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Os procedementos e instrumentos que se van a utilizar para valorar o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe son:

- Probas específicas (proba aberta)
- Análise da produción dos alumnos/as:
 - resolución de exercicios e problemas (lista de control),
 - traballos de investigación (rúbrica),
 - prácticas de laboratorio (lista de control)
- Observación sistemática (lista de control)

A porcentaxe correspondente a cada un dos procedementos e instrumentos anteriores será:

- Un 90% corresponderá á valoración das probas específicas. Realizaranse dúas probas abertas, como mínimo, por avaliación. A valoración será a media aritmética das probas, sempre e cando as notas non sexan inferiores a 4 puntos. Haberá tres probas de recuperación ou para subir nota, de carácter obrigatorio para tódolos alumnos/as aínda que teñan aprobados os exames parciais correspondentes a cada avaliación. Cada unha destas probas incluírá toda a materia impartida ata o momento da súa realización.
- Un 10% corresponderá á valoración das producións do alumnado e a observación sistemática.

A cualificación final da materia en xuño calcularase coa media aritmética das avaliacións, sempre e cando as notas dos períodos non sexan inferiores a 4 puntos. Para aprobar a materia será preciso obter unha nota ≥ 5 puntos.

Na convocatoria de setembro presentárase as probas o alumnado que non acadou o grao mínimo dos estándares de aprendizaxe da materia ó remate do curso na avaliación ordinaria de Xuño e que, polo tanto, acade na mesma unha cualificación de suspenso. A cualificación corresponderá ó resultado da proba escrita que se faga, que terá un carácter global (non por partes). Para aprobar a materia será preciso obter unha nota ≥ 5 puntos.

h) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

<i>Indicadores de logro do proceso de ensino</i>	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
16. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

i) PROCEDIMENTOS DE ACREDITACIÓN DE COÑECIMENTOS PREVIOS

No caso de que algún alumno/a queira cambiar de opción no Bacharelato, terá que superar unha proba escrita na que se avaliará o grao mínimo de consecución dos estándares esixidos para tal materia, ou ben seguir o proceso establecido para aqueles alumnos/as que teñan pendente dita materia do curso anterior.

j) AVALIACIÓN INICIAL

Ao comezo do curso, os profesores e profesoras realizarán unha avaliación inicial do alumnado para detectar o grao de desenvolvemento alcanzado das aprendizaxes básicas e do dominio dos contidos e das competencias adquiridas.

O procedemento para realizar esta avaliación será por un lado, unha proba escrita que atenda a aspectos básicos tanto dos contidos como das competencias clave e por outro lado a observación durante os primeiros días do desenvolvemento do alumnado.

Os resultados obtidos non terán peso na cualificación do alumnado pero unha vez analizados proporcionarán a información necesaria para tomar as medidas (individuais e colectivas) de reforzo e de atención a diversidade pertinentes.

K) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O sistema educativo debe ofrecer a cada estudante a axuda pedagóxica que necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Xorde diso a necesidade de atender esta diversidade. No Bacharelato a organización do ensino permite que o propio alumnado resolva esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Non obstante, é conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito constatable: a diversidade dos alumnos e as alumnas, que manifestan intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe distintos. É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos alumnos e por iso adoptaremos as seguintes medidas:

- Asegurar a necesaria conexión entre as diferentes materias, nas que se articula o Bacharelato, e as áreas da E.S.O.

- Relacionar os contidos das diferentes materias, co fin de proporcionar unha visión globalizadora, e non parcial, da realidade.

- Favorecer o desenvolvemento dun modo de pensamento e de traballo baseándose no método científico.

- Desenvolver os contidos con unha linguaxe precisa e de forma progresiva, de maneira que o alumnado, ó longo da etapa, dispoña das bases necesarias para incrementar gradualmente os seus coñecementos.

- Fomentar a participación activa do alumnado no seu propio aprendizaxe, estimulando o traballo persoal e en equipo, mediante a proposición de numerosas actividades de diversa índole (plantexamento de cuestións, montaxe e realización de experimentos, realización e interpretación de gráficos e outros medios de representación, etc).

- Potenciar as técnicas de indagación e investigación, xerais e propias da materia, que favorezan o desenvolvemento de habilidades prácticas (consulta de material bibliográfico, utilización de medios de comunicación, aprendizaxe e manexo de técnicas de laboratorio, observación sistemática, etc.).

I) ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Como educadores temos a responsabilidade de formar a persoas que sexan capaces de vivir e convivir no respecto, na liberdade e nos principios democráticos. É por iso polo que os temas transversais deben formar parte de todas as actividades que supoñen o proceso do ensino e deben traballarse de forma continua. Con este fin desde este Departamento fomentaremos a educación para:

- O respecto dos dereitos e liberdades fundamentais
- A liberdade persoal, a solidariedade e a tolerancia
- A igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres
- A igualdade de trato e non discriminación das persoas discapacitadas
- A prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos persoal, familiar social e especialmente escolar
- A prevención da violencia de xénero, racismo e xenofobia
- A responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal
- O respecto cara os seres vivos e o medio ambiente
- O respecto e recoñecemento da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade
- Mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas
- Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar
- Respecto polo material persoal e de uso común
- Fomentar a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico
- Avanzar na comprensión lectora, expresión escrita, comunicación audiovisual e no uso das TICs
- Reforzar a autonomía e a autoestima, a interiorización das normas básicas de saúde, hixiene, alimentación, coidado persoal, práctica de actividade física, posibilidades e limitacións do seu propio corpo e valoración das condutas de risco para a saúde (drogas, alcohol, tabaco, sedentarismo...)

m) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- ♦ Vídeo conferencia coa Base Antártica Española do ET "Gabriel de Castilla" na Illa Decepción.

O Departamento realizará, sempre que sexa posible, aquelas actividades que se propoñan ao longo do curso e resulten de interese didáctico.

n) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A avaliación do desenvolvemento da programación didáctica, do proceso de ensinanza e da práctica docente realizarase ao finalizar cada unidade didáctica, ao remate de cada trimestre e ao final do curso. Os resultados obtidos, modificacións e propostas de mellora quedarán reflectidos no libro de actas das xuntanzas do Departamento e na Memoria de final de curso

Indicadores para a avaliación da programación didáctica

	Escala				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
1.Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.					
2.Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas/temas/proxectos.					
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.					
4.Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.					
5.Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.					
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.					
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.					
10.Adecuación da secuencia de traballo na aula.					
11.Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
12.Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).					
13.Adecuación da proba de avaliación inicial.					
14.Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos[Só para 2º de bacharelato].					
15.Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
16.Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.					
17.Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.[Só para ESO e bacharelato].					
18.Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.					
19.Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.					
20.Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.					
21.Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.					
22.Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.					
23.Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.					
24.Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
25.Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
26.Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.					